




XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

IES VALLE INCLÁN

Gran Vía Montero Ríos, s/n
36001 Pontevedra
986.86.64.48 986.86.80.81
ies.valle.inclan@edu.xunta.es



galicia

PROXECTO LECTOR IES VALLE INCLÁN



ÍNDICE

I.	ANÁLISE DO CONTEXTO	3
II.	XUSTIFICACIÓN	4
III.	OBXECTIVOS.....	7
IV.	COORDINACIÓN E ORGANIZACIÓN.....	8
V.	DESENVOLVEMENTO DO PLAN LECTOR	
	1. RECURSOS.....	8
	2. ANÁLISE DOS PROBLEMAS	8
	3. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS	
	11	
VI.	AVALIACIÓN.....	12



I. ANÁLISE DO CONTEXTO

O IES Valle-Inclán está situado no centro da cidade e iso marca dalgún xeito a procedencia socio-económica do noso alumnado que nas diferentes probas externas que se veñen realizando, como foi no seu momento a "Avaliación de diagnóstico" de 2º ESO ou as probas PISA, está cualificada como de nivel "alto".

O nivel cultural é tamén medio-alto. Moitos dos alumnos/as teñen á súa disposición pequenas ou grandes bibliotecas nas casas e perciben en xeral na súa contorna unha actitude positiva cara á lectura e ao estudo.

O centro imparte o ensino secundario obrigatorio e postobrigatorio. Ofrécense todas as modalidades do bacharelato agás o artístico e ademais impártese o bacharelato de adultos en horario de tarde-noite. Ten tamén unha sección de inglés da EOI de Pontevedra.

O alumnado ten na súa contorna próxima a Biblioteca Nodal Antonio Odriozola con importantes fondos e con zonas axeitadas para os diferentes niveis. Por outro lado, nos últimos anos traballouse moito nos centros de primaria nas bibliotecas escolares. Con diferenzas, xa que a súa procedencia é diversa, o alumnado de primeiro ciclo da ESO participou xa en programas organizados de animación á lectura. En concreto, aplicouse nos seus centros o Decreto 130/2007 que establece o currículo de primaria onde se di:

Artigo 6º

-4. Coa finalidade de fomentar o hábito da lectura, os centros elaborarán e aplicarán un proxecto lector que se axustará ás liñas básicas que se publican como anexo IV ao presente decreto, asegurándose como mínimo media hora diaria.

O ámbito de aplicación deste Proxecto Lector foi inicialmente o primeiro ciclo da ESO, coa idea de ir implantándoo progresivamente no resto dos cursos.



II. XUSTIFICACIÓN.

A LOE fai as seguintes alusións explícitas ao reforzo da lectura:

- Artigos 19.2/24.7/25.5 (para primaria e secundaria)

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas áreas da etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da comunicación e da información e a educación en valores traballarase en todas as áreas.

- Artigo 26.2

A fin de promover o hábito da lectura dedicarase un tempo á mesma na práctica docente de todas as materias.

O decreto 133/2007 da Xunta de Galicia que regula as ensinanzas de educación secundaria di no seu artigo 5º que

"A lectura constitúe un factor primordial para o desenvolvemento das competencias básicas. Os centros docentes garantirán na práctica docente de todas as materias un tempo dedicado á lectura en todos os cursos da etapa, de acordo co proxecto lector do centro."

A LOMCE (Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro) incide na importancia da competencia lingüística como unha competencia clave transversal a todas as materias, e require a potenciación e o seu desenvolvemento.

Todos parecemos estar de acordo en que as carencias continuadas no proceso de comprensión lectora constitúen un dos factores que en gran medida explican o fracaso escolar.

Somos conscientes ademais de que non abonda con ensinar a ler en educación infantil ou primaria. A adquisición da competencia lectora é un proceso progresivo que debe ir ampliándose e estendéndose, incorporando estratexias novas para os distintos tipos de textos e adaptándose ao nivel do alumnado nas diversas etapas do seu desenvolvemento académico. Nós incorporamos ao ensino secundario alumnos/as que non están aínda suficientemente formados nas súas competencias comunicativas e que deben seguir traballando nese campo ata a fin da súa escolaridade.

Por iso non debemos só promover ou animar á lectura, senón desenvolver prácticas lectoras. Debemos proporcionar o tempo, o material e o espazo para afianzar os hábitos. Hai que dicir que o problema está na comprensión lectora e falar da necesidade de que os alumnos e alumnas lean máis non abonda. É necesario actuar.

Enfrontámonos ao feito de que hai actividades moito máis divertidas e emocionantes para o alumnado que a lectura. Por iso non debemos centrarnos en ofrecerlla só como unha posibilidade de ocio. Nun mundo



práctico como este no que vivimos, a competencia lectora debe entenderse como a ferramenta fundamental das nosas vidas. Porque a lectura frecuente é o mellor xeito de apropiarse da lingua; e a nosa cultura, a nosa vida social, a nosa intelixencia son fundamentalmente lingüísticas. É certo que o noso mundo, e especialmente o dos nosos alumnos e alumnas, está cheo de estímulos visuais pero aínda necesitamos a palabra para articular o pensamento.

Así, establecemos como obxectivo fundamental do noso labor docente desenvolver de xeito global unha "intelixencia lectora" que dotará ao noso alumnado dos recursos que necesitan para a aprendizaxe e que enriquecerá o seu desenvolvemento persoal e social.

O ensino da competencia lectora debe estar, polo tanto, en todas as áreas curriculares. Non debemos limitarnos só á lectura literaria, aínda que esta sexa unha base fundamental nalgunhas etapas polo seu compoñente lúdico, e nas áreas de lingua e literatura por razóns evidentes.

As prácticas lectoras deben ser moi diversas porque o alumnado debe entender unha gran diversidade de textos. Debemos tender non só a que aprecien e coñezan esa diversidade senón a que o ensino da comprensión lectora sexa explícito en todas as áreas curriculares. Ensinamos a ler, a comprender, en todas as materias e en todos os ámbitos con estratexias diferentes e imos construíndo progresivamente un repertorio que enriquece a bagaxe académica do noso alumnado. Accederán á aprendizaxe de códigos escritos, visuais, sonoros, cinematográficos... Traballarán con narracións, poemas, manuais, anuncios publicitarios, informes, gráficos, exposicións, mapas, táboas, diagramas, avisos, certificados, argumentacións, fotografías. Aprenderán a comprender textos científico-técnicos, humanísticos, xornalísticos..., e cada un deles coas súas peculiaridades dentro da materia que se trate. Por iso todas estas accións deben concretarse nas programacións anuais de cada departamento.

Actualmente é imprescindible tamén unha nova concepción da lectura que expanda o concepto e non o limite ao soporte impreso. Na sociedade da información o uso case obrigado das novas tecnoloxías no público e no privado esixen o coñecemento dunha serie de habilidades que van máis aló da simple comprensión do texto escrito. A Rede proporciona un constante exceso de información. Se en calquera lectura é importante facelo con espírito crítico, na Rede esa necesidade aumenta. Porque temos que saber empregar os buscadores, dominar a palabra chave que nos leve á información que queremos e combinar iso co manexo das novas tecnoloxías. Isto último non é problema para o noso alumnado porque, en xeral, teñen un acceso temperán e continuado a elas. Porén, manexan ben as ferramentas pero non os contidos. Non se trata só de recoller información ou datos relevantes, tanto de libros como na Rede, senón de entendelos mediante a aplicación da súa competencia lectora e de facer ademais unha lectura crítica: saber discernir o que é relevante e, ás veces, mesmo o que é certo.



Non podemos esquecer ese importantísimo aspecto: a chamada competencia informacional que está recollida como unha das competencias básicas na LOE. E algo que tampouco debemos ignorar é que nós, como docentes, temos aínda moitas carencias nese campo. Debemos estar en formación constante para abri-lles paso a ese novo mundo aos nosos alumnos, para conseguir que eles busquen axeitadamente a información, que a comprendan e que, na medida do posible, a convertan en coñecemento.

Por último, debemos facer un esforzo para prestixiar a comprensión lectora como compoñente fundamental da vida académica. Nese sentido, nós somos o exemplo a seguir. Probemos a demostrar que é a mellor ferramenta que podemos utilizar para acceder ao coñecemento de xeito autónomo. Demostremos tamén que a lectura non é unha obriga; que a pesar do esforzo que moitas veces pode supoñer para os alumnos, o seu dominio é, sobre todo, un dereito. E garantir que accedan a ese dereito é responsabilidade do sistema educativo.

Esta responsabilidade é de todo o claustro, pero ademais hai algúns outros órganos que deben ter un labor específico.

O equipo directivo e o consello escolar daranlle a importancia debida ao Plan Anual de Lectura que concretará os principios deste Proxecto Lector, facilitarán os recursos humanos e materiais de que se poida dispoñer e convidarán a toda a comunidade educativa a colaborar nas actividades que se deriven del.

A Comisión de Coordinación Pedagóxica será informada das decisións que se tomen ao respecto do Proxecto Lector e actuará como transmisora de toda esta información aos departamentos e ao equipo de Normalización Lingüística

O equipo da Biblioteca escolar intentará converter esta nun centro de recursos que facilite as actividades de adquisición da competencia lectora das programacións dos departamentos didácticos. Debe colaborar activamente na realización de todas as actividades de fomento da lectura que se organicen, na medida das súas posibilidades. Tamén levará a cabo a formación de usuarios da biblioteca de cara a unha maior autonomía do alumnado no uso e aproveitamento das fontes de información.

Hai que salientar que a biblioteca do centro é extraordinaria. Conta con máis de 30.000 fondos documentais. Mais prestamos un especial coidado coas lecturas obrigatorias que cada departamento asigna ao seu alumnado dependendo do curso. Considérase que a biblioteca debe dispoñer do maior número posible de exemplares das lecturas obrigatorias para respectar a igualdade de oportunidades e o alumnado non estea obrigado a mercar estes libros.



III. OBXECTIVOS

- Fomentar o hábito lector en toda a comunidade educativa
- Converter a lectura nunha estratexia metodolóxica para a mellora da aprendizaxe
- Desenvolver a competencia informacional tanto nos soportes tradicionais como nas novas tecnoloxías e educar especialmente no uso crítico da información
- Considerar que a adquisición da competencia lectora non é responsabilidade exclusiva das áreas de lingua senón que deben participar activamente todas as áreas do currículo. Intentar converter así o PL nunha actividade global de centro e basealo na sistematización de accións dos distintos departamentos que incluírán a lectura como un elemento transversal nas súas programacións.
- Integrar as actividades de comprensión lectora no contexto da aula, sempre en función das necesidades e características propias de cada materia.
- Converter a biblioteca escolar nun centro de recursos da información e da lectura que poida ofrecer diversidade de obras literarias e documentais mediante a configuración dunha colección variada, equilibrada e adaptada ás distintas áreas de coñecemento, aos niveis, idades e diversidade cultural e lingüística do alumnado, entre o cal potenciaremos o seu uso
- Compensar as desigualdades sociais grazas á política de préstamo e á apertura en horario extraescolar da biblioteca do centro.
- Buscar un tempo durante a xornada escolar dedicado á lectura por pracer ou desligado dalgunha materia.
- Facer rendibles os esforzos e recursos e colaborar con outros centros educativos e institucións públicas e privadas; e tamén coas familias ás que se lles dará cumprida información sobre o Proxecto Lector
- Facer un seguimento a través dun proceso de avaliación continuado.

IV. COORDINACIÓN E ORGANIZACIÓN

O proxecto lector é o marco de referencia para o plan anual de lectura dos distintos departamentos didácticos. Compete aos departamentos, biblioteca, club de lectura, etc... , a concreción nas súas programacións dos obxectivos, actividades, material, tempo diario ou



semanal dedicado á lectura, as prácticas de comprensión lectora e a metodoloxía que se empregará.

A persoa coordinadora do proxecto lector será preferiblemente o/a responsable da biblioteca, que contará coa axuda dun equipo estable de biblioteca.

V. DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR

1. RECURSOS

- Biblioteca escolar
- Bibliotecas de aula
- Materiais dos departamentos
- Aula de informática

2. ANÁLISE DA SITUACIÓN CON RESPECTO Á ADQUISICIÓN DA COMPETENCIA LECTORA E INFORMACIONAL.

- O alumnado ten dificultades para escoitar con atención, e o clima de barullo que hai ás veces nas clases non favorece a concentración, fundamental na comprensión.
- Non consideran a práctica lectora como unha actividade interesante nin útil porque non son conscientes da importancia da comprensión.
- Son capaces de mentir con respecto á comprensión do que se le ou se explica na clase porque teñen medo ao ridículo ou a impresionar negativamente ao profesor.
- O feito de presentar a lectura (especialmente a literaria) como un xogo, como algo divertido, pode crear falsas expectativas. Ás veces non é doada e require esforzos; e o alumnado son renuentes a esforzarse moito ou moito tempo.
- Presentan distintos niveis de comprensión lectora nun mesmo grupo e os textos que lles presentamos son, para algúns, moi complexos e para outros demasiado sinxelos. Resulta difícil atopar textos axeitados para todo un grupo, especialmente no primeiro ciclo onde as diferenzas entre alumnos/as son máis acusadas.



- A lectura é unha actividade desprestixiada no seu contorno grupal. Teñen ademais a idea de que é lector só o que le libros de ficción e non identifican coa actividade lectora a de revistas, textos divulgativos, xornais...
- As lecturas obrigatorias que lles propoñemos non conectan cos seus intereses. A obrigatoriedade crea neles certa resistencia, pero, por outra banda, pérdense nas listas abertas.
- O seu coñecemento do mundo é limitado pero iso non lles parece importante. Dálles igual non coñeceren as referencias históricas, científicas, políticas, literarias, da actualidade... Están afastados dos medios de comunicación e iso dificulta a súa comprensión.
- Consideran interesante a narración, pero non a exposición de ideas, a reflexión, a argumentación ou a descrición.
- Non lles importa non entenderen unha palabra ou un enunciado do texto: non usan o dicionario e non preguntan.
- Son capaces de memorizar textos sen comprendelos, e non nos decatamos porque tendemos a comprobar a comprensión co método da repetición de contidos.
- Non contemplan os textos como un todo ao que se subordinan as partes e moitas veces achéganse a eles de xeito superficial e fragmentario.
- Non discriminan a relevancia da información e ás veces nin sequera cuestionan a súa veracidade. Teñen escasamente desenvolvido o espírito crítico.
- Non saben facer resumos, esquemas e mapas conceptuais e nós damos por feito que é unha técnica que dominan.
- Están convencidos de que o dominio "mecánico" das novas tecnoloxías chega para navegar pola Rede.

O Proxecto Lector pretende mellorar a competencia lectora e informacional do alumnado por medio dunha serie de estratexias que tenderán a evitar os problemas e dificultades enunciados ata aquí. Non se trata de impoñer procedementos ou actividades para todas as materias. Este documento actúa como un marco de referencia que despois desenvolverá cada departamento na súa programación anual na que debería haber un apartado específico dedicado á comprensión lectora. De xeito moi xeral, pois, enúncianse aquí os procedementos metodolóxicos que servirán como base para a práctica concreta na aula.

- Facer unha avaliación inicial do nivel de comprensión lectora do novo alumnado. A partir dela detectaremos os problemas, as diferenzas entre eles e as prioridades de actuación.



- Pódense propoñer varios "pasos" na lectura: unha primeira lectura de aproximación que pode realizar o profesorado ou un alumno en voz alta e unha segunda máis reflexiva e individualizada que realizará cada alumno.
- Practicar a lectura en voz alta de textos previamente traballados como un método de detección de dificultades na comprensión. Ademais mellora a habilidade de expresión en público, vencendo a timidez e o medo ao ridículo.
- Hai que procurar facer unha presentación do texto: explicar as razóns para lelo e que se busca sacar del. O alumno debe ser consciente da importancia da actividade.
- Debemos animar a buscar o significado das palabras que non se coñecen (diccionario, preguntas) e pescudar tamén o significado das referencias do texto. Non debemos esquecer que buscar unha palabra no diccionario non sempre lles aclara o seu significado. Por iso o labor do profesor é fundamental e hai que facer especial fincapé na necesidade de preguntar e de non quedar nunca con dúbidas. Ao longo do proceso debemos comprobar unha e outra vez se se acadou a comprensión.
- Elaborar vocabularios específicos para cada materia.
- Relacionar a lectura cos coñecementos previos dos estudantes, tanto da materia da que se trata como doutras materias.
- Realizar constantemente resumos e esquemas. Esta técnica debe ser traballada en todas as materias e a súa aprendizaxe debería incluírse explicitamente nas programacións curriculares.
- Convidar á redacción de comentarios críticos adaptados ao seu nivel. Con eles poderemos comprobar a comprensión e a adquisición de coñecementos
- Combinar os traballos de comprensión dirixidos e os autónomos; pero sen converter estes últimos nunha proba da capacidade do alumnado senón nun traballo de aprendizaxe.
- Seleccionar lecturas de todas as áreas e para todos os cursos da ESO tendo en conta os diferentes niveis de dificultade no contido e no vocabulario. Debemos esforzarnos en buscar textos atractivos e motivadores.
- Realizar traballos de busca de información en todos os soportes. Estes deben estar dirixidos polo profesorado e adaptados ao nivel do alumnado. Na medida do posible debemos tutelar os pasos do proceso de busca e non simplemente valorar o resultado final.
- Ensinar que buscar e onde buscar. Que entendan que o obxectivo non é reunir indiscriminadamente información e copiala sen máis sen ter en conta outra cousa que a extensión requirida para o traballo. Deben aprender a buscar e despois organizar a información recollida en función dos obxectivos



do traballo. Tamén debemos potenciar a redacción de borradores, guións e o constante traballo de revisión porque constitúen unha proba relevante da súa comprensión.

3. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS AO TRABALLO DA AULA

Cada curso estableceranse no Plan Anual de Lectura actividades concretas programadas e temporalizadas. Algunhas delas desenvolveranse todos os cursos a partir das seguintes propostas:

- FORMACIÓN DE USUARIOS da biblioteca. Serán actividades sistematizadas, orientadas ao coñecemento do espazo físico da biblioteca, os seus fondos, a disposición e ordenación dos mesmos, o sistema de préstamos ou a consulta do catálogo informatizado.
- Aproveitando as programacións ou actividades deseñadas polos distintos departamentos faranse EXPOSICIÓNS dos fondos documentais dos que dispón o centro relacionados con ese tema.
- O profesorado de GARDA fomentará a lectura voluntaria do alumnado coa axuda dos materiais que proporcionará a biblioteca escolar
- Unha parte do horario de TITORÍAS dedicárase a desenvolver a competencia lectora con actividades que fomenten a concentración, a atención, a comprensión, o aumento do vocabulario e o desenvolvemento do espírito crítico.
- O CLUB de LECTURA fará reunións periódicas para poñer en común lecturas compartidas e realizará distintas actividades en torno aos títulos e autores seleccionados.
- Na PÁXINA WEB recomendaranse lecturas e faranse públicos os itinerarios lectores de cada departamento. Procurarase a intervención activa do alumnado na recomendación de lecturas tanto literarias como de divulgación
- Uso das horas de Atención Educativa para actividades relacionadas cos distintos tipos de lectura.
- CONMEMORACIÓNS variadas relacionadas co libro e a lectura: Día internacional de bibliotecas, Día internacional de Internet, Letras Galegas, Día internacional da poesía, do teatro, do libro, do libro infantil e xuvenil...
- PUBLICACIÓN de material de creación literaria ou artigos de opinión e traballos de investigación dos alumnos na páxina web.
- Traballo sistematizado con PRENSA cunha duración variable ao longo do curso e relacionado con materias diversas: a ciencia na prensa, a economía, o medio ambiente...



- BIBLIOTECA DE PAIS. Crear pouco a pouco un fondo documental ao que accedan os pais directamente ou a través dos fillos. Ofrecerá títulos relacionados coa educación, coa detección de problemas...

VI. AVALIACIÓN

Trataremos de articular procedementos de avaliación que sirvan para detectar a incidencia das intervencións que propón o Plan Lector.

- Incremento dos hábitos de lectura.
- Mellora no nivel de competencia lectora e informacional.
- Uso da biblioteca escolar e demais recursos.
- Inclusión das propostas do Plan Lector nas programacións de aula e de departamento.
- Cambio de actitude con respecto ás metodoloxías, contidos, actuacións, no campo da formación e comprensión lectora.
- Eficacia na difusión do Plan Lector entre todos os membros da comunidade educativa.
 - Adecuación dos tempos e espazos aos propósitos do Plan.
 - Rendemento dos recursos materiais e humanos que se utilicen.
 - Grao de colaboración entre os elementos implicados.

Revisado o 23 de novembro de 2017.